







Cuculus canorus Linnaeus, 1758

| |
|--|
|  cuco vulgar |
|  cuco común |
|  kukua, kuku europarra |
|  cucut |
|  common cuckoo |
|  cuco-canoro |



| FILO | CLASE | ORDE | FAMILIA | XÉNERO |
|----------|-------|--------------|-----------|----------------|
| Chordata | Aves | Cuculiformes | Cuculidae | <i>Cuculus</i> |



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

| | |
|--------------------|----------|
| Peso | 93-143 g |
| Lonxitude | 32-36 cm |
| Envergadura | 54-60 cm |

ALIMENTACIÓN

Larvas, saltóns, escaravellos, grilos e miñocas.

COMPORTEMENTO

Son animais diúrnos e sociais, e os machos adoitan aparearse con varias femias cada ano. Ten comportamento migratorio en toda a súa distribución, invernando en zonas máis cálidas en setembro e volvendo en abril.

REPRODUCCIÓN

A época de celo abrangue entre maio e xuño. Son parasitos de posta, é dicir, as femias substitúen ovos de niños doutras especies polos seus propios, podendo poñer entre 1-25 ovos repartindo 1-2 por niño, que os donos do niño incuban 12 días pensando que son seus. Voan aos 18-23 días e acadan a madurez aos dous anos.

HÁBITAT

Todo tipo de bosques e formacións forestais.

DISTRIBUCIÓN

Cría na meirande parte de Europa, agás por Islandia, as illas do Mar Exeo e Chipre. Tamén no Magreb, en Rusia agás as rexións máis nórdicas, o Cáucaso, Asia Central, Mongolia, China, Corea e Xapón. Pasa o verán no oeste e sur de África, en Indochina e en Luzón.

CURIOSIDADES

As femias divídense en *gens* segundo á especie que parasiten, sendo en cada caso distinta a cor dos seus ovos, para mimetizarse cos orixinais do niño.

A subespecie presente no campus é *Cuculus canorus bangsi* Oberholser, 1919, propia da península Ibérica, as Illas Baleares, o Magreb e o sur e oeste de África.